



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## ANUNCIO

### APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO CATEGORÍA DE PEÓN

Por Resolución desta Alcaldía nº 190/2025 de data 11 de xuño de 2025 aprobouse a Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Peón

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 11 de xuño de 2025. O ALCALDE en funcións: Alberto Cortizas Rejo

### RESOLUCIÓN

**ASUNTO: APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE PEÓN**  
**EXPEDIENTE: 2025/G003/000196**

### ANTECEDENTES:

Logo de ver a convocatoria e as bases reguladoras para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Peón aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello en data 2 de abril de 2025 e publicadas no BOP nº 70 do 11 de abril de 2025 e no Taboleiro de Anuncios electrónico municipal, en data 14/04/2025.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía número 175/2025 do 02/06/2025, pola que se aprobou, a Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para a provisión temporal de persoal na categoría de Peóns, os acordos do Tribunal cualificador do proceso selectivo, de data 6 de xuño de 2025, que constan no expediente electrónico e a súa proposta para a formación e funcionamento da bolsa de emprego nesa categoría, publicada no Taboleiro de anuncios electrónico municipal, en data 06/06/2025.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións, alegacións contra a cualificación dos méritos, contra as preguntas e contra a cualificación da proba escrita, sen que se presentasen ningunha, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a seguinte lista de aspirantes, por orde de puntuación obtida, segundo a proposta do Tribunal cualificador de data 06/06/2025, para posibles provisións temporais de persoal, na categoría de Peón:

|   | SOLICITANTE                  | TOTAL |
|---|------------------------------|-------|
| 1 | GARCÍA GARCÍA, JOSÉ LUIS     | 12,88 |
| 2 | CORTIZAS DÍAZ, JOSÉ MANUEL   | 7,44  |
| 3 | TOJEIRO COUTO, CONSTANTINO   | 6,25  |
| 4 | VARELA VARELA, MANUEL DANIEL | 6,25  |



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Segundo.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios electrónico do Concello de Monfero, para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e ás demais interesadas, indicando que, contra este acordo, as persoas interesadas poderán facer uso da vía impugnatoria que consideren oportuna, conforme ao disposto nas bases reguladoras da convocatoria e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas

Monfero, 11 de xuño de 2025  
O Alcalde en funcións,  
Alberto Cortizas Rejo